

BANDO INFORMATIVO

PROGRAMA XUNTOS POLO NADAL 2021

LUIS REY VILLAVERDE, ALCALDE do Concello de Oroso

INFORMA do prazo de presentación de solicitudes de participación no programa Xuntos polo Nadal 2021.

CONTIDO: Programa de promoción do envellecemento activo e convivencia, destinado ás persoas maiores que se atopen soas nas datas do Nadal, xa sexa por carencia de familiares ou amigos, perda do seu cónxuxe ou por outras circunstancias.

PRAZAS E QUENDAS OFERTADAS:

O programa ofrece un total de 526 prazas distribuídas do seguinte xeito:

- 246 (2 quendas de 123 solicitantes) na Residencia de Tempo Libre do Carballiño (Ourense), para as persoas solicitantes das provincias de Pontevedra e Lugo.
- 280 (2 quendas de 140 solicitantes) na Residencia de Tempo Libre de Panxón, en Nigrán (Pontevedra), para as persoas solicitantes da provincia da Coruña e Ourense.

Desenvolverase entre o 22/12/2021 e o 07/01/2022 en 2 quendas de 8 días cada unha. A primeira, entre o 22 e o 29 de decembro e a segunda, entre o 31 de decembro e o 7 de xaneiro. A participación será gratuíta.

SERVIZOS OFERTADOS:

- Estadía na residencia durante 8 días (7 noites).
- Aloxamento en habitacións compartidas e manutención en réxime de pensión completa.
- Desprazamento en autobús desde os lugares que se establezan nas localidades que corresponda (Santiago, A Coruña, Ferrol, Pontevedra, Vigo, Lugo ou Ourense) ata a residencia de tempo libre que se lle adxudique e viceversa. O desprazamento cara a estes lugares será por conta de cada participante.
- Actividades de animación sociocultural.

REQUISITOS DAS PERSOAS USUARIAS:

- a) Ter 60 anos, cumpridos no momento en que remate o prazo de presentación de solicitudes.
- b) Estar empadroadado/a nalgún concello galego.
- c) Vivir só/a no seu domicilio e ter que pasar só/a as datas do Nadal.
- d) Valerse por si mesmo/a e non padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio, nin trastornos mentais ou condutuais non compensados que poidan alterar a convivencia.
- e) Estar vacinado/a fronte á COVID-19 segundo o calendario sanitario vixente.

PRAZO DE PRESENTACIÓN: ata o día 15 de novembro de 2021 (incluído)

MÁIS INFORMACIÓN: Departamento de Servizos Sociais do Concello, rúa do Deporte 5-7 baixo, Sigüeiro, Oroso. CITA PREVIA no teléfono 981 688 950.

O Alcalde, Luis Rey Villaverde,
Oroso, 28 de outubro de 2021

